

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

- 14023** *Corrección de erros do Real decreto 772/2011, do 3 de xuño, polo que se modifica o Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio.*

Advertidos erros no Real decreto 772/2011, do 3 de xuño, polo que se modifica o Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 147, do 21 de xuño de 2011, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 14, na disposición transitoria segunda, no título, onde di: «Asunción de competencias sancionadoras polo Servizo Público de Emprego Estatal», debe dicir: «Asunción de competencias sancionadoras polo Servizo Público de Emprego Estatal e polo Instituto Social da Mariña».

Na páxina 14, na disposición transitoria segunda, no inicio, onde di: «As competencias sancionadoras atribuídas ás direccións provinciais do Servizo Público de Emprego Estatal...», debe dicir: «As competencias sancionadoras atribuídas ás direccións provinciais do Servizo Público de Emprego Estatal e do Instituto Social da Mariña...».

Na páxina 14, na disposición transitoria segunda, nas liñas cuarta e quinta, onde di: «... serán de aplicación unha vez que o Servizo Público de Emprego Estatal dispoña...», debe dicir: «... serán de aplicación unha vez que o Servizo Público de Emprego Estatal e o Instituto Social da Mariña dispoñan...».